



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

Lamas de Castelo, s/n - Pedrafigueira
15293 – CARNOTA
Tlf. 8818 67200 - Fax: 8818 67205
IESlamas.castelo@edu.xunta.es

[http://www.opacmeiga.rbgalicia.org/Biblioteca.aspx?
CodigoBiblioteca=CED034](http://www.opacmeiga.rbgalicia.org/Biblioteca.aspx?CodigoBiblioteca=CED034)



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

Curso 2018/19

Memoria

Biblioteca Escolar

IES Lamas de Castelo

(Plambe 2018-2019)





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL

Lamas de Castelo, s/n - Pedrafigueira
15293 – CARNOTA
Tlf. 8818 67200 - Fax: 8818 67205
1668
lamlamas.castelo@edu.xunta.es

<http://www.opacmeiga.rbgalicia.org/Biblioteca.aspx?CodigoBiblioteca=CED034>



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

1. Grao de cumprimento de obxectivos

Organización e xestión:

1.1. Deuse de **alta como usuarios a todo o alumnado e profesorado novo**. Tan só houbo unha solicitude dunha nai (non hai o costume), e outra de persoal de servizos (un chófer de bus). Ambos fixeron pouco uso da biblioteca (un único préstamo). Non hai cambios nos departamentos didácticos que teñen número de usuario asignado: LG, LC, FR, Relixión e Lingua inglesa. A única novidade é a transformación dunha conta de usuario con ocasión do Día da Biblioteca para rexistrar os movementos e préstamo de fondos feito polo alumnado de ITI para as aulas. Transfórmase unha conta de Mochila Viaxeira de grupo para dedicala en exclusiva ao préstamo -tamén como Mochila- para un alumno con NEAE e a súa familia.

1.2. En canto ao **uso da biblioteca para traballo individual e/ ou en equipo para as materias e departamentos do centro, tamén para préstamo de lecturas e material de consulta para traballo**, neste centro non hai costume de utilizar a biblioteca cos diferentes grupos durante o horario escolar, pois ata agora a consigna foi que as clases se impartirían única e exclusivamente na aula asignada. Malia iso, no primeiro trimestre, as profesoras de LC e a substituta de LG baixaron con alumnado de 1ºESO a facer unha actividade de busca; no segundo trimestre, a profesora titular de LG e compañeira de equipo baixou con grupos de 2º, 3º e 4ºESO para buscar e escoller títulos de libros de lectura; e neste terceiro trimestre, a coordinadora da biblioteca e profesora de francés e latín realizou unha (e está a realizar neste momento outra) actividade de busca de información en dicionarios, gramáticas e libros sobre léxico latino co alumnado de 4ºESO, con permiso da directiva actual.

1.3. **Rexistro e catalogación das novas adquisicións e avanzar na catalogación e organización do fondo vello**. Cataloganse a un tempo as novidades adquiridas e fondo vello "rescatado" dos departamentos de linguas, en particular LC, LG e inglés, e da aula de PT (antiga aula de Ed. Especial). Isto explica que poidan aparecer como novidades da biblioteca na web de Opac-Meiga a un tempo rexistros da orde do 18 ou 19, 1813, 4956 ou 10505. Ponse especial coidado na **catalogación e mellora da localización dos materiais desde a páxina web**, corrixindo inexactitudes en CDU, campo materia, autoridades (no autor)... provintes de catalogacións moi vellas ou importacións dende REBECA.

- En canto ao **material da biblioteca non catalogado, continuamos e rematamos o traballo na sección de bioloxía** (revisión e catalogación das CDU do 55 a 599).

- **Buscamos máis fondo antigo gardado nos departamentos ou aulas para a súa catalogación**. Este curso demos prioridade ao "rescate" de material do departamento de linguas e aulas de PT (cuxos fondos na súa maior parte nin sequera estaban rexistrados), LC e LG. Úsase a lista impresa dos números de rexistro aínda non utilizados en Meiga para avanzar na catalogación de fondo vello. Nos vellos libros de rexistro manual, fomos subsanando os erros atopados: a) no salto de 100 números, do R.119 ao R.220, levamos rexistrados e catalogados de R.120 a R.143, na súa maior parte fondos da aula de PT que nos acaen como material de préstamo para os **apadriñamentos lectores** coa veciña





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

Lamas de Castelo, s/n - Pedrafigueira
15293 – CARNOTA
Tlf. 8818 67200 - Fax: 8818 67205
1668
lamlamas.castelo@edu.xunta.es

[http://www.opacmeiga.rbgalicia.org/Biblioteca.aspx?
CodigoBiblioteca=CED034](http://www.opacmeiga.rbgalicia.org/Biblioteca.aspx?CodigoBiblioteca=CED034)



Escola Infantil A Galiña Azul de Carnota. b) Estanse reutilizando os números de material dado de baixa para rexistro e catalogación de material “rescatado” de aulas e departamentos para que o número de rexistros en Meiga coincida exactamente co número real de fondos. Detéctanse “extravíos” de material vello non catalogado (nas aulas de LC e XeH).

1.4. **Recolocar andeis para optimizar mellor o espazo coa finalidade de conseguirmos máis espazo e diferenciar espazos para lectura en silencio, traballo en grupo, charla informal, ...** Polo de agora, o único modo de gañar espazo nos andeis sería cambiar as alturas destes, para o que se necesita taladralos (facer obra), o que queda fóra do noso alcance. Aproveitamos para adquirir novos andeis e gañar espazo cos 900€ da dotación do PLAMBE 2018-19 para mobiliario e equipamento.

1.5. **Propoñer a celebración de obradoiros na biblioteca no recreo e torneos ou concursos de xogos que impliquen a lectura, o coñecemento ou destrezas como a agudeza visual, a lóxica, a memoria...** Dado o nivel de movemento e as necesidades da nosa biblioteca, non se pode facer tendo **en cada recreo só unha profesora encargada** e un axudante. Necesitaríanse como mínimo as dúas profesoras encargadas, pois non se pode estar a un tempo xestionando a través de Meiga os empréstitos e devolucións, recomendar persoalmente títulos e coordinar unha actividade calquera.

Dinamización e promoción dos recursos da biblioteca, integración no tratamento do currículo e contribución á alfabetización múltiple e desenvolvemento das competencias básicas do alumnado:

1.1. Falouse con varios departamentos para recoller peticións: responden coma sempre os de LG, LC e LF; o de inglés solicita a adquisición dos novos títulos de lecturas obrigadas para cubrir a posible demanda. Tamén o de Ciencias Naturais (Bioloxía), que está a revisar e anovar os seus fondos. Adquírense fondos de lectura, libros informativos e monográficos. Engádense títulos de material en CD de música francesa e algún DVD (tamén, películas e/ou documentais de nacionalidade francesa) para cubrir a demanda de préstamos para traballos nesta materia. Como novidade, adquírese unha serie de material básico para a materia de latín de 4ºESO, que se imparte por vez primeira no centro (Materias [Latín - Dicionarios](#); [Latín - Didáctica](#); [Latín - Expresións e locucións](#)), e de xeito similar, para a materia de libre configuración autonómica Portugués (un libro de método, con caderno de exercicios).

1.2. escoitar e atender as suxestións e peticións do alumnado á hora de adquirirmos novos fondos: dos 95 volumes de material adquirido con cargo ao orzamento do PLAMBE, 9 son peticións directas do alumnado (un 9,47%).

1.3. Difundir os servizos e actividades da biblioteca polos medios habituais: o espazo da biblioteca na páxina web do instituto, carteis, recomendacións e avisos ás titorías, folletos, guías en papel, o correo electrónico, anuncios... Os anuncios fixéronse esencialmente na páxina web da biblioteca, carteis en corredores e na porta da propia biblioteca, e sobre todo (e isto é o que mellor funciona) facendo correr a voz a través do alumnado asiduo e axudantes de biblioteca. Xa non se utiliza a radio escolar como canle de comunicación, pois non hai profesorado encargado de coordinala, e o equipo de biblioteca non ten espazo horario suficiente como para ocuparse a maiores da gravación, edición e elaboración de material radiofónico.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

Lamas de Castelo, s/n - Pedrafigueira
15293 – CARNOTA
Tlf. 8818 67200 - Fax: 8818 67205
1668
lamlamas.castelo@edu.xunta.es

[http://www.opacmeiga.rbgalicia.org/Biblioteca.aspx?
CodigoBiblioteca=CED034](http://www.opacmeiga.rbgalicia.org/Biblioteca.aspx?CodigoBiblioteca=CED034)



1.4. Publicar, coa colaboración dos axudantes da biblioteca ou doutros grupos de alumnado, trípticos sobre autores ou datas concretas, boletíns de novidades, guías de lectura; animar a que os departamentos publiquen recomendacións para as súas materias, especialmente aos que inclúen lecturas na súa programación de aula. Editar guías para as familias, como poden ser suxestións de lecturas para as vacacións, de libros para agasallo... Elaboráronse novos listados de [lecturas para a materia de Lingua e Literatura Galega](#) de 1º a 4ºESO; [Lingua Castelá de 1º e 2ºESO](#), Francés e Bioloxía. O alumnado de ITI de 1º e 2ºA, con axuda da encargada da biblioteca, ten elaborado guías de recomendación, incluíndo un monográfico sobre Romeo e Xulieta, polo San Valentín. As profesoras encargadas da biblioteca elaboraron outros trípticos e listados (decembro). Este ano, o equipo de biblioteca editou menos boletíns de recomendacións. pero isto foi compensado pola participación de alumnado de ITI na edición de algúns boletíns, e coa edición conxunta coa **ALM de Carnota (a Biblioteca Municipal)** de outros.

1.5. a) Planificar encontros con autores ou outras persoas da comarca que poidan vir contar as súas experiencias relacionadas coa lectura, coa interpretación, coa literatura popular, cos oficios... Invitamos a Isidro Dozo, un dos socios de Catro Ventos Editora de Vigo a vir a dar unha charla na Biblioteca sobre a súa labor editorial e sobre a temática da liña editorial que teñen (economía solidaria, ecoloxía e coidado do medio ambiente). **b) Fomentar a relación con persoas da contorna e familiares para facer lecturas públicas, compartir experiencias lectoras...** Fíxose unha única charla informal arredor da lectura co profesor de Bioloxía para celebrar dalgún xeito a “semana do libro”, no recreo do 26 de abril. A biblioteca foi o espazo escollido polo departamento de Orientación para os seus obradoiros para as familias.

1.6. Colaborar con outras bibliotecas do concello ou da comarca ou asociacións culturais. Empezamos unha tímida colaboración coa Biblioteca Municipal do Concello, elaborando diversos boletíns de recomendacións (polo Día de Rosalía, polo Día do Libro), e convidando á Concelleira de Cultura e as bibliotecarias ao recital de Poesía celebrado o 25 de febreiro no centro.

Formación de usuarios e adquisición da competencia informacional / ALFIN

1.1. Diseñar sesións de formación básica, especialmente pensadas para alumnado de 1º da ESO e persoal novo no centro, ensinándolles dentro do espazo físico da biblioteca, a organización e colocación dos fondos, a importancia do coñecemento da CDU, as normas de funcionamento e de comportamento, e a sección da biblioteca na web do centro e na de Meiga. Faise todos os anos durante o mes de outubro en sesións de titoría. O alumnado de ITI, por traballar na propia biblioteca, ten unha formación maior e máis específica. Para o profesorado, deseñouse e repartiuse a principios de curso un caderno explicativo da organización e normas da nosa biblioteca e a importancia da catalogación dos fondos, os itinerarios lectores e recomendacións de lecturas para os departamentos; tamén unha folla aclarativa sobre o Proxecto Lector de Centro e o Plan Anual de Lectura, presentada en claustro.

1.2. Facer unha sesión de formación para todo o profesorado a inicios de curso ou en calquera momento, se houber demanda. Non hai espazo para estas sesións (recordamos que no centro non existen espazos horarios para a reunión do profesorado). Aínda así, aproveitouse durante a apertura de conta de usuario e tamén durante a actividade de coñecemento da biblioteca coa titoría para explicar individualmente a todo o profesorado novo no centro, interinos e tamén profesorado substituto, explicando brevemente o funcionamento da biblioteca e as buscas a través da web de Opac-Meiga.

1.3. Convocar ao alumnado para “Axudantes da biblioteca”, e fomentar a súa colaboración nas labores de xestión e fomento do uso da biblioteca durante os recreos: preferentemente, alumnos e alumnas que xa coñezan ben o seu funcionamento en xeral (de 2º a 4º da ESO), pero deixando aberta



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

Lamas de Castelo, s/n - Pedrafigueira
15293 – CARNOTA
Tlf. 8818 67200 - Fax: 8818 67205
lamlamas.castelo@edu.xunta.es

[http://www.opacmeiga.rbgalicia.org/Biblioteca.aspx?
CodigoBiblioteca=CED034](http://www.opacmeiga.rbgalicia.org/Biblioteca.aspx?CodigoBiblioteca=CED034)



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

a posibilidade de admitir alumnado de 1ºESO. Non fai falla facer convocatoria oficial: o alumnado que ten por costume vir nos recreos á biblioteca xa se presenta voluntario dende as primeiras semanas de clase. Este ano, ademais, tivemos o maior número de voluntarios dos últimos 3 anos para axudantes de biblioteca (6 en total), para os que se solicitou de novo a participación no programa de Voluntariado na Biblioteca Escolar. Colaboraron na busca de títulos, colocación de libros en andeis, e recomendación personalizada de material ao alumnado que llo demandou.

1.4. Diseñar sesións de formación ALFIN para ensinar o correcto acceso á información, contrastando fontes en papel, audiovisuais e da rede (Internet) para seleccionar os datos necesarios e relevantes, procesando a información recollida e tratándoa a través dos distintos soportes na elaboración e presentación de traballos. Este traballo faise fundamentalmente a través das materias de ITI en 1º e 2ºESO. Tamén en dúas actividades de traballo con consulta de material bibliográfico en papel (dicionarios, gramáticas, manuais e monográficos) e na Internet co alumnado de latín de 4ºESO.

1.5. Cúmrese o obxectivo de manter a oferta da materia Investigación e Tratamento da Información (ITI) vinculada á biblioteca en 1º e 2º de ESO.

Fomento da lectura e desenvolvemento do proxecto lector de centro:

1.1. Dinamizar as seccións da biblioteca que menor uso rexistren para dalas a coñecer e animar a usar eses materiais, como poden ser os manuais de consulta, os monográficos de temática científica, manuais de historia, de arte... Hai seccións (CDU) desta biblioteca que directamente nunca se utilizan, pero o profesorado do departamento relacionado ou correspondente tampouco amosa interese ou "non ten tempo" de facelo. Procuramos fomentar o uso de material relacionado coa nova materia de latín (historia e cultura de Roma, mitoloxía, dicionarios etimolóxicos e de latín, e gramáticas de galego e castelán).

1.2. Colaborar cos departamentos no deseño dos seus itinerarios lectores, suxerindo tamén estratexias para traballaren a comprensión e a expresión lectora e escrita. Hai descoñecemento de estratexias de promoción da lectura e non se favorece a inversión de tempo material en actividades en e coa biblioteca. Porén manteñense os listados de lecturas de LC para 1º e 2ºESO elaborados o curso pasado. Para cubrir demanda, aumentamos o número de exemplares de algúns títulos de LC para 1ºESO e conseguimos as novas lecturas adaptadas deste curso para L. inglesa. Adquiríronse novos títulos de lectura para nenos orixinal (sen adaptar) en francés e de lectura e consulta para os departamentos de LG, LF (para latín). Téntase de conseguir cada vez máis material de tipo informativo para LG (sobre feminismos); LC (tamén sobre feminismos e mulleres na historia); francés (libros de tipo documental sobre natureza e ciencia) e Bioloxía (libro divulgativo). Coa concesión do orzamento de 1000€ para fondos STEAM, comézanse a buscar títulos maioritariamente en galego (aínda que tamén en castelán e francés) para as materias de Bioloxía, Tecnoloxía, Matemáticas e ciencia en xeral, non atopando (ata agora) material novo de interese no campo das artes en galego.

1.3. Planificar as actividades a realizar na biblioteca coa colaboración de Actividades Extraescolares e co EDLG, fixando desde o inicio do curso unhas actividades mínimas que a realizar e que figuren no Plan Anual de Lectura. A coordinación e colaboración melloraría se houbera algún espazo horario real de reunión: neste centro non hai tempos de coordinación para o equipo de biblioteca, nin deste co profesorado dentro do horario. Os únicos departamentos que organizan actividades minimamente relacionadas coa lectura e a biblioteca son os de linguas (galega,



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

Lamas de Castelo, s/n - Pedrafigueira
15293 – CARNOTA
Tlf. 8818 67200 - Fax: 8818 67205
lamlamas.castelo@edu.xunta.es

[http://www.opacmeiga.rbgalicia.org/Biblioteca.aspx?
CodigoBiblioteca=CED034](http://www.opacmeiga.rbgalicia.org/Biblioteca.aspx?CodigoBiblioteca=CED034)



castelá, francés e inglés), e en menor medida, tamén bioloxía. **A cantidade de celebracións foi parella ao tempo dispoñible e implicación de todos os sectores.**

- Malia todo, celebrouse o Día da Biblioteca coa colaboración dos departamentos de LC e LG, que baixaron a facer unha actividade de busca de libros na biblioteca co grupo de 1ºESO; e co alumnado de ITI, que seleccionou material de lectura para todas e cada unha das aulas de materia.
- Dedicamos o mes de novembro a realizar actividades de busca e tratamento de información en ITI sobre vocabulario científico en galego;
- Mantivemos a celebración do Día da Poesía co recital no que participaron alumnado de todos os cursos e profesorado de varios departamentos do centro coa novidade da participación dende o Concello de Carnota (coa concelleira de cultura e as dúas bibliotecarias). Celebrouse o recital poético do Día da Poesía/ Rosalía no que participan alumnado, profesorado e representantes do Concello.
- Dado o nivel de traballo no centro, non foi posible celebrar a Semana do Libro como noutros anos. Durante a semana do 24 de abril, non foi posible unha real celebración do Día do Libro: tan só se poido facer unha única charla informal co profesor de bioloxía sobre a lectura e a ciencia dentro das actividades da Semana do Libro.
- Non se fixo actividade ou celebración do Día das Letras Galegas por coincidir esa semana coas Xornadas Culturais; tamén pola falta de tempo para a coordinación entre o departamento de LG/EDLG e a Biblioteca.

1.4. **Convocar, en colaboración con diversos departamentos, concursos relacionados coa lectura, ou a biblioteca.** Nin hai interese por parte dos departamentos, nin participación suficiente por parte do alumnado: convocáronse 3 concursos, o II de adiviñas en galego; o II de títulos literarios en emoticonas, e o tamén II de creación de marcapáxinas, con moi escasa participación, e de pouca calidade: varios dos premios diarios do concurso de adiviñas de febreiro, e dos de títulos literarios en emoticonas de abril quedaron desertos; e no de creación de marcapáxinas, concedéronse 3 premios... ás únicas 3 participantes, malia ter aumentado o prazo de entrega!!

1.5. **Continuar co fomento da lectura a través de Mochilas Vixeiras e apadriñamentos lectores.** Consolídanse os “apadriñamentos lectores” durante os recreos entre alumnado do noso centro e os nenos da Escola Infantil *A Galiña Azul* de Carnota (este curso participa alumnado de 1º 3º e 4ºESO, facendo tres apadriñamentos, un por avaliación: 11 de decembro – 28 de marzo - 24 de abril, dentro da celebración do Día do Libro); tamén houbo varias sesións de apadriñamento lector por parte da coordinadora da Biblioteca e de alumnado de ITI de 1º cun alumno con NEAE da Unidade de Atención Específica.

Actividades de formación no ámbito da biblioteca escolar nas que participou o profesorado

Dúas profesoras do centro (a coordinadora e a profesora de Relixión) asistiron ás **IX Xornadas de bibliotecas escolares de Galicia** (9 e 10 de novembro de 2018); non asiste a profesora de LG e membro do equipo de biblioteca por estar fóra do centro durante o primeiro trimestre. A coordinadora, Renée Huerta Latrille participou nos **Encontros dos centros do Plan de mellora de bibliotecas escolares 2018-19 (1ª - 13ª convocatoria)** celebrados en Santiago o 22 de marzo de 2019 en representación do centro.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL

Lamas de Castelo, s/n - Pedrafigueira
15293 – CARNOTA
Tlf. 8818 67200 - Fax: 8818 67205
1568
lamlamas.castelo@edu.xunta.es

<http://www.opacmeiga.rbgalicia.org/Biblioteca.aspx?CodigoBiblioteca=CED034>



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE investe no teu futuro"

2. Actividades desenvolvidas ao longo do curso

1.6. Primeiro trimestre

- Asignáronse números de **carñes de lectores** para o alumnado e o profesorado novo no centro.
- **Elaboración dos listados de lecturas recomendadas** para Lingua Castelá de 2ºESO conxuntamente co profesor titular. Adquiríronse todos os títulos necesarios para LC de 1º e 4ºESO e para Bioloxía (para 3º e 4ºESO). Revisión dos listados de LG, LF e LI, e publicación na sección de "Lecturas recomendadas por departamentos" da páxina da biblioteca na web do centro. [<http://www.edu.xunta.gal/centros/ieslamascastelo/taxonomy/term/69>].
- **Rexistro e catalogación.** Síguese rexistrando e catalogando as novidades e os fondos antigos das materias que máis se usan e que estaban gardados nos departamentos didácticos ou nas aulas.
- **Investigación e tratamento da información.** A coordinadora da biblioteca é quen imparte esta materia en 1º e 2ºde ESO. Impártese na biblioteca, partindo dos fondos da mesma e utilizando tamén a rede. Este ano centrámonos no traballo grupal por temas e na creación de boletíns de recomendacións.
- Formación de usuarios e usuarias. Volveuse a facer a actividade de **Formación de usuarios e usuarias** nomeada **Mergullámonos na biblioteca**, utilizando os tempos de titoría de cada grupo. Os grupos de 1º e 2º da ESO pasaron pola biblioteca para coñecer a ou repasar as normas e os servizos que ofrece. Nesta sesión, adaptada a cada nivel educativo, coñeceron as normas de uso, a colocación dos materiais, os distintos fondos e soportes cos que contamos e tiveron que buscar información poñendo en práctica o que se lles acababa de explicar. Os grupos de 3º e 4º realizaron unha actividade de busca de información en distintos manuais de consulta (dicionarios, enciclopedias etc). Estas sesións realizáronse todas ao longo do mes de outubro para así conmemorar tamén o **Mes da Biblioteca Escolar**.
- **Axudantes da biblioteca.** Este curso non foi necesario facer convocatoria para axudantes, pois se presentan dende a primeira semana de clase varios voluntarios, dos que quedan definitivos 6 axudantes que fan quendas para cubrir os catro recreos durante a semana. Ademais de axudar a colocar os materiais que son devoltos no préstamo, axudan a outros compañeiros a buscar, recomendánlles algúns materiais que gustan... De novo participamos na convocatoria das Bibliotecas Escolares Solidarias na modalidade de Voluntariado na Biblioteca Escolar para recoñecer o labor dos 5 voluntarios e voluntaria.
- Novembro: Mes da Ciencia en galego nas biblioteca. Respondendo á campaña da Consellería, propoñemos ao alumnado de ITI de 1º un traballo de busca de termos científicos en galego en diferentes dicionarios, tanto en papel como na Internet. Foi un traballo difícil, pois a meirande parte dos termos do eido científico son os mesmos en galego e castelán. Os nosos avances semanais durante ese mes foron impresos e expostos en diferentes zonas dos corredores do centro, e especialmente na parede externa da biblioteca e cerca das aulas onde se imparten materias de ciencias.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

Lamas de Castelo, s/n - Pedrafigueira
15293 – CARNOTA
Tlf. 8818 67200 - Fax: 8818 67205
1668
lamlamas.castelo@edu.xunta.es

[http://www.opacmeiga.rbgalicia.org/Biblioteca.aspx?
CodigoBiblioteca=CED034](http://www.opacmeiga.rbgalicia.org/Biblioteca.aspx?CodigoBiblioteca=CED034)



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

- **Día contra a violencia contra a muller (de xénero).** Para conmemorar esta data, mostramos unha selección de materiais de consulta e lectura dispoñibles e unímonos á "marea laranxa" na biblioteca, convidando a todos a vir vestidos desa cor o 25 de novembro. A directora e PT instalou unha base de mural que se foi enchendo coas colaboracións da profesora de EpeV, LG, LC e a biblioteca (con exposición de libros sobre o tema). Coa complicidade e colaboración do persoal da cafetería, repartíronse gratis vasiños de zume de laranxa, cartexos de mandarina e boliñas de chocolate recheas de laranxa no recreo do 25N a quen viñera con esa cor. Tamén na sala de profesorado.



- Mochilas viaxeiras. En decembro botaron a andar as nosas mochilas viaxeiras, unha por grupo (4 en total), máis unha específica para un alumno con NEAE da Unidade de Atención Especial, cun número de usuario de biblioteca propio (do 105 ao 109) para rexistrar o número de préstamos e renovacións. Empezamos un xoves, así que ese foi o día de devolución (a primeira hora, en conserxería ou na biblioteca) e entrega (na última hora de clase). A relación de títulos foi cambiando ao longo do curso, especialmente se coñecemos ben os gustos do alumno ou alumna que a ía recibir. Nelas, incluíuse o seguinte material:

- 2 **libros de lectura** (1 en castelán, 1 en galego)
- 2 **bandas deseñadas** (1 en castelán, 1 en galego)
- 1 **libro informativo** destinado aos maiores da **familia** (nais, pais, outros familiares...)
- 1 **revista** (*Quo*, *Muy Interesante* ou *National Geographic*)
- Material audiovisual: 1 **DVD** (película/ documental/ serie) + 1 **CD** (música: galega, española, internacional...)



- **Boletín de recomendacións para as vacacións de Nadal.** Nos últimos días do trimestre distribuimos un tríptico coas suxestións de lecturas para o Nadal. Aquí, o enlace do boletín: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ieslamascastelo/node/1665>

1.7. Segundo trimestre

Nel, seguimos coas tarefas habituais:

- Planificar e catalogar as novas adquisicións; procúrase facer o mesmo cos fondos antigos que non estaban informatizados, corrixindo fondos mal catalogados de vello para poder recuperar mellor a información desde a web de Opac-Meiga.
- Actualizar os paneis de novidades e difundir información sobre as actividades polos medios dispoñibles: carteis, avisos ao alumnado, etc.
- Asesorar ao alumnado e profesorado que se achega á biblioteca nos recreos e realizar o préstamo e a devolución dos materiais. Tamén recomendamos lecturas con axuda do alumnado de ITI, aconsellamos e orientamos na elaboración de traballos e tarefas; formamos no uso dos sistemas operativos e programas dos que dispoñen nos ordenadores da biblioteca, axudándoos a buscar e seleccionar mellor a información nas páxinas web e do instituto, no espazo web do Proxecto



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL

Lamas de Castelo, s/n - Pedrafigueira
15293 – CARNOTA
Tlf. 8818 67200 - Fax: 8818 67205
1668
lamlamas.castelo@edu.xunta.es

<http://www.opacmeiga.rbgalicia.org/Biblioteca.aspx?CodigoBiblioteca=CED034>



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

Meiga... Tamén os axudamos coa impresión de materiais ou coa posibilidade de gardala en memorias extraíbles para seguir traballando nas aulas ou nas casas.

- Edición dun **boletín monográfico sobre Romeo e Xulieta** elaborado por alumnado de ITI de 2º para o 14 de febreiro. <http://www.edu.xunta.gal/centros/ieslamascastelo/node/1681>
- **Día da Poesía 2019.** Mantivemos a celebración do Día da Poesía para conmemorar a data de nacemento de Rosalía de Castro cun recital no que participaron alumnado de todos os cursos e profesorado de varios departamentos do centro coa novidade da participación dende o Concello de Carnota (coa concelleira de cultura e as dúas bibliotecarias). Tamén editamos un boletín de recomendación especial conxuntamente coa Biblioteca Municipal do Concello. <http://www.edu.xunta.gal/centros/ieslamascastelo/node/1693>

Esta celebración é unha das actividades estrela da nosa biblioteca, pois nela participan alumnado e profesorado do centro. Durante unha sesión de clase os grupos baixaron ao hall (diante do ximnasio) e recitaron e escoitaron poesía, recitada entre todos: profesorado e alumnado; incluíndo a lectura de poemas en nome dunha profesora ausente ese día e que desexou participar a distancia. Este ano recitaron 5 profesores (de lingua galega, matemáticas, xeografía e historia, bioloxía e de francés (con lecturas do seu alumnado en francés/galego e latín), e máis de 30 alumnos de todos os cursos. Por quinta vez, facemos o recital na planta baixa (no hall situado entre a biblioteca, a radio e o ximnasio) para compartirmos todo e non perder a actuación de ninguén, pois así todas as persoas escoitan aos demais participantes. Pódese ver máis información aquí (<http://www.edu.xunta.gal/centros/ieslamascastelo/node/1693>)



1.8. Terceiro trimestre

Estas son as actividades principais realizadas:

- **Día do Libro.** Dado o nivel de traballo no centro, non foi posible celebrar a Semana do Libro como noutros anos.

Durante a semana do 24 de abril, non foi posible unha real celebración do Día do Libro:

- **Apadriñamento lector:** no recreo do mércores 24 de abril realizamos unha actividade de lectura de contos cos nenos da escola infantil A Galiña Azul de Carnota, que temos a uns 50 metros. Ese día foron varias alumnas e alumnos de 4ºESO, que leron varios contos para nenos. Dita actividade foi publicitada na páxina web do centro. <http://www.edu.xunta.gal/centros/ieslamascastelo/node/1699>



- **Cita a cegas cun libro para o profesorado.** Organízase en colaboración co dpto. EpeV, baixo as mesmas premisas que un agasallo "amigo invisible". Máis detalles sobre a actividade aquí: <http://www.edu.xunta.gal/centros/ieslamascastelo/taxonomy/term/35>
- **Charlas informais sobre as lecturas favoritas na biblioteca:** tan só se poido facer unha única charla informal co profesor de bioloxía sobre a lectura e a ciencia dentro das actividades da Semana do Libro. Esta charla xirou en torno a un capítulo dun dos libros de divulgación científica que máis lle gusta ao profesor, incluíndo súa lecturas, á que se suma a bibliotecaria presente nese momento coa lectura do seu artigo preferido do mesmo libro.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL


Lamas de Castelo, s/n - Pedrafigueira
15293 – CARNOTA
Tlf. 8818 67200 - Fax: 8818 67205
lamlamas.castelo@edu.xunta.es

[http://www.opacmeiga.rbgalicia.org/Biblioteca.aspx?
CodigoBiblioteca=CED034](http://www.opacmeiga.rbgalicia.org/Biblioteca.aspx?CodigoBiblioteca=CED034)



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

- **Convocatoria do II Concurso de adiviñas “emoticonas+libros” na Biblioteca:** o concurso consistiu en adiviñar os títulos de libros moi recoñecidos da literatura galega, española e universal, postos con emoticonas a modo de xeroglíficos. As adiviñas foron publicadas diariamente entre o 24 e o 30 de abril inclusive, para seren respondidas ata o venres da semana da súa publicación. O premio (a entregar durante as actividades de fin de curso), é material escolar (bolígrafos, lápis, marcadores, etiquetas...) A actividade tivo escaso éxito de participación: pouco alumnado participou, e non sempre acertou (datos incompletos dos libros, responde cun único título en lugar dos dous obrigatorios...), polo que se conceden tan só 2 premios dos 6 dispoñibles (o resto queda deserto).
- **II Concurso de creación de marcapáxinas.** Convócase na mesma semana do 24 de abril, avisando con carteis e persoalmente nas clases, animando a participar. Publícanse as bases a través de carteis na biblioteca e nos corredores do centro, cunha dotación de 3 premios. Tan só se presentan 3 marcapáxinas.
- **Xornadas Culturais.** En colaboración co departamento de Ciencias Naturais (profesor de bioloxía), puxémonos de acordo para falar cos socios de Catro Ventos Editora, para estudar a posibilidade dunha visita ao noso centro. Dita idea quedou concretada o pasado 15 de maio, cando Isidro Dozo, socio de Catro Ventos Editora de Vigo véu dar unha charla na Biblioteca sobre a súa labor editorial e sobre a temática da liña editorial que teñen (economía solidaria, ecoloxía e coidado do medio ambiente).



Colabórase co Dpto de LC coa compra dos libros-agasallo da súa actividade “Bookfinding” no patio.

- **Día das Letras Galegas.** Colocouse nos corredores da entrada a exposición sobre a autora que, coma todos os anos, envía a Secretaría Xeral de Política Lingüística. A profesora de Lingua Galega organizou actividades co seu alumnado en relación co autor homenaxeado.
- **Boletín de recomendacións para o verán.** Coa colaboración dos Axudantes da biblioteca preparáronse un ou varios boletíns con recomendacións de lecturas para o verán. Tamén estamos a traballar na edición de boletíns específicos por parte de alumnado de ITI.
- **Premios de fin de curso.** No último día de clase, faremos a entrega final de premios: os de todos os concursos; aos mellores lectores do curso, aos usuarios que máis préstamos teñan rexistrados e aos “Axudantes da biblioteca” pola súa colaboración.

Outras actividades realizadas na biblioteca ao longo do curso

Ao longo do curso desenvolvéronse actividades variadas na biblioteca, non planificadas directamente polo equipo da biblioteca, pero con colaboración nalgunha delas.

- Aula de Investigación e Tratamento da Información en 1º e 2º da ESO. Ocasionalmente, aula de Latín de 4º durante a elaboración de traballos relacionados coa materia.
- Traballo arredor da lectura co alumnado de 1º da ESO en Lingua Galega, e busca de libros e selección de títulos en Lingua Castelá e Literatura.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

Lamas de Castelo, s/n - Pedrafigueira
15293 – CARNOTA
Tlf. 8818 67200 - Fax: 8818 67205
lsc@lamas.castelo@edu.xunta.es

[http://www.opacmeiga.rbgalicia.org/Biblioteca.aspx?
CodigoBiblioteca=CED034](http://www.opacmeiga.rbgalicia.org/Biblioteca.aspx?CodigoBiblioteca=CED034)



- Xornada de portas abertas para o alumnado de 6º de Carnota e O Pindo que no vindeiro curso se incorporará ao centro. Nesta xornada, o alumnado de 1º de ESO fixo unha presentación do centro e tamén da biblioteca aos seus futuros compañeiros e compañeiras.

3. *Avaliación das actividades desenvolvidas e funcionamento da propia biblioteca.*

- a) **Funcionamento.** Este ano pasamos as enquisas oficiais dispoñibles no blogue das Bibliotecas Escolares ao equipo directivo e responsable de biblioteca; ás titorías (para o alumnado) e profesorado. Faise un seguimento do número de préstamos de profesorado, departamentos e outro persoal do centro dos 2 últimos cursos, para contrastar datos. Axúntase o documento cos resultados a esta memoria.
- b) **Actividades.** As que non foron levadas a cabo débese, fundamentalmente, á falta de dedicación de profesorado e tempo. No caso de algún concurso, tamén pola falta de participación do alumnado, que en ocasións pode ser que por estar centrado nos seus traballos das distintas materias esqueza prazos, ou a propia convocatoria. Como o equipo se compón só de dúas persoas, sen horario de reunión, resulta difícil levar a cabo todos os proxectos e actividades que desexariamos. Ademais, a profesora titular de Lingua Galega, único membro do departamento de LG e tamén coordinadora do EDLG atópase con demasiado traballo de seu como para poder dedicar máis tempo no traballo de Biblioteca.

Valoración xeral:

1. Actividades da Biblioteca. As actividades van sobre todo dirixidas ao alumnado. En canto ao profesorado, este último é o que menos participa na vida da Biblioteca, agás o daquelas materias máis estreitamente concernidas polo uso bibliográfico (as catro linguas), máis Ciencias Naturais (bioloxía). Nese sentido, e tras ter pasado as enquisas da Asesoría de Bibliotecas Escolares para o profesorado, parte confesa que para a súa materia considera que non é imprescindible a Biblioteca.

2. Difusión das actividades e servizos da biblioteca. Mellorable: utilízase o espazo da biblioteca na web do centro, colocamos carteis en biblioteca e corredores... pero xa non se utiliza a radio para avisos, por non haber profesorado ao cargo co que colaborar e non ter tempo material para montar cuñas publicitarias. A publicación a través da web require dunha inversión de tempo considerable que non sempre se pode facer sen que sufran outros aspectos da nosa labor. De todos os xeitos, e coa colaboración dos axudantes de biblioteca, avísase tanto a profesorado como alumnado das actividades.

3. Formación de usuarios e ALFIN. Estase a mellorar neste campo grazas ao traballo de ITI e outras materias (Linguas Galega e Castelá, Linguas Francesa e Inglesa, Latín, Bioloxía...) que propoñen actividades que implican o uso e consulta de material da biblioteca (e nela, no caso de ITI e puntualmente en LC e LG). Porén, dada a implicación desigual dos departamentos e profesorado, poderíase mellorar.

4. Aproveitamento pedagóxico da biblioteca e apoio ao Proxecto Lector. Cómpre mellorarmos a coordinación entre biblioteca e departamentos. Falta implicación do profesorado das diferentes materias á hora de incluír o uso da biblioteca dentro da actividade docente: neste sentido, a resposta é escasa, e case sempre está ligada ás linguas. Ademais temos a instrución de usar maioritariamente a aula de materia acordada nos horarios para o uso lectivo.

5. Xestión informatizada dos fondos.

- a) **Catalogación.** Dáse igual prioridade á catalogación das novidades adquiridas, que a material non catalogado. A día de hoxe, o noso fondo ten **superados os 10530 rexistros**. Tamén incidimos no “rescate” de material do departamento de linguas e aulas de PT (cuxos fondos na súa maior parte



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

Lamas de Castelo, s/n - Pedrafigueira
15293 – CARNOTA
Tlf. 8818 67200 - Fax: 8818 67205
lsc@lamas.castelo@edu.xunta.es

[http://www.opacmeiga.rbgalicia.org/Biblioteca.aspx?](http://www.opacmeiga.rbgalicia.org/Biblioteca.aspx?CodigoBiblioteca=CED034)
[CodigoBiblioteca=CED034](#)



nin sequera estaban rexistrados), LC e LG. Úsase a lista impresa dos números de rexistro aínda non utilizados en Meiga para avanzar na catalogación de fondo vello. Nos vellos libros de rexistro manual, fomos subsanando os erros atopados: a) no salto de 100 números, do R.119 ao R.220, levamos rexistrados e catalogados de R.120 a R.143, na súa maior parte fondos da aula de PT. O obxectivo final é “compactar” a base de datos a medida que se van catalogando todos os fondos, para que o número de rexistros coincida co número real de volumes.

- b) **Centralización da xestión de fondos.** Incompleta, cómpre varios cursos máis para acadala ao 100%. Atendendo á inclusión de fondos baixo o campo materia “Dpto ...” hai diferencias significativas entre os 1 e 27 títulos de algún deles e os 1037, 763, 481 e 297 dos de linguas, seguidos polos 155 de orientación e 144 do departamento de CCNN (Bioloxía e Xeoloxía). Na nosa páxina web da rede Opac-Meiga: [busca por materia > “Dpto”](#)
- c) **Préstamo.** O préstamo faise totalmente a través do programa Meiga. Segundo as estatísticas de uso (incluíndo préstamos e renovacións) e ata o 10/06/2018, emprestáronse 1692 libros, e 378 documentos audiovisuais (126 CD e 252 DVD) entre os 126 usuarios que constan este ano (entre alumnado, profesorado, PAS e outros membros da comunidade escolar). Isto significa unha baixada, sobre todo no movemento do material audiovisual.

6. Fomento no alumnado o hábito e o gusto de ler, e de utilizar a biblioteca. É un obxectivo que se leva conseguindo durante todo estes anos dende a nosa inclusión no Plambe: temos a asistencia diaria dunha alta porcentaxe de alumnado que estuda alí, preguntan polas novidades, usan os ordenadores, fan deberes, piden axuda e asesoramento para traballos de lectura... Hai unha parte do alumnado á que lle gusta estar na biblioteca e visítala con frecuencia: destacan especialmente os grupos de 3ºESO, e alumnas de 4ºESO que veñen non só a coller, devolver ou ampliar prazos de préstamo de libros, senón a saudar e charlar un anaco coas bibliotecarias. Obsérvase que á hora de escoller títulos, seguen a funcionar moi ben as suxestións “boca a boca”, e aquí os axudantes de biblioteca teñen un importante papel. As mochilas viaxeiras tamén contribuíron, xa que parte de alumnado agradeceu moito, especialmente cando atoparon que o contido se “personalizara” tendo en conta os seus gustos.

7. Respetar o clima que debe haber nunha biblioteca. Estase a cambiar neste aspecto, non pola aplicación ao pé da letra das normas, senón porque a biblioteca empeza a ser un “algo máis” para unha parte do alumnado que a ten como lugar para estar e charlar ao tempo que se traballa, fai tarefas, repasa para os exames... aínda que non sempre se respecte o silencio necesario na biblioteca. Quizais por iso, logo do toque de timbre do recreo, xúntanse na entrada da biblioteca antes de que a abramos e nos esperan.

8. Incrementar e diversificar o préstamo. O préstamo mantense estable e estase diversificando: xa non só piden os libros obrigatorios de lectura senón que se están prestando libros para lectura de lecer e informativos (por exemplo, o total do material de **divulgación científica** comprado este curso foi de 12 exemplares), pero baixa lixeiramente o préstamo de películas e CD, e tamén banda deseñada, incluíndo o manga. É o propio alumnado quen pide e escolle máis materiais de diferentes temáticas, poñendo de relevo este ano os temas relativos a feminismo e visibilidade da muller.

4. Previsións de futuro

Convocado o Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares para o curso 2019-20, presentamos a solicitude de continuidade. En todo caso, atopamos que continuar dentro deste plan permite manter viva e aberta a biblioteca escolar e é positivo para os usuarios, e en particular o alumnado.

Estas serían algunhas liñas prioritarias de actuación.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL

Lamas de Castelo, s/n - Pedrafigueira
15293 – CARNOTA
Tlf. 8818 67200 - Fax: 8818 67205
lamlamas.castelo@edu.xunta.es

<http://www.opacmeiga.rbgalicia.org/Biblioteca.aspx?CodigoBiblioteca=CED034>



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

Organización e xestión

- Facer os carnés ao alumnado e profesorado novo. Promover o acceso mediante rexistro como usuarios a outros membros da comunidade escolar (nais e pais, PAS...)
- Explicar aos departamentos didácticos a importancia do uso dos fondos da biblioteca e, para ver reflectido nas estatísticas os movementos usados por eles (especialmente nas aulas), rexistrar como usuario aqueles departamentos que aínda non teñan número de usuario e así o soliciten.
- Completar o rexistro, catalogación e localización do fondo vello da nosa biblioteca, facendo expurgo cando sexa necesario, ata acadar que os máis de 10400 volumes que temos rexistrados estean totalmente catalogados e dispoñibles no Proxecto Meiga.
- Revisar os andeis e conseguir outros novos para conseguirmos máis espazo para o material, ao tempo que deixamos uns fondos máis útiles e actuais, facendo expurgo cando sexa necesario.
- Facer un expurgo intensivo en todas as seccións da CDU presentes na nosa biblioteca, para tentar de gañar espazo físico para os novos libros.
- Continuar coa revisión do campo "materias" para conseguir unha áxil localización dos materiais desde a páxina web, así como para facilitar a elaboración de itinerarios lectores. Seguir depurando as entradas do campo "materia" para evitarmos confusión á hora das buscas. Depurar o listado de editoriais para evitar erros e duplicidades.
- Mellorar na diferenciación de espazos para lectura en silencio, traballo en grupo, charla informal, ...
- Abrir a biblioteca a obradoiros creativos, propoñendo a celebración de diversas actividades na biblioteca no recreo: lecturas públicas (en alto, dramatizadas...), presenza da tecnoloxía e da robótica, torneos ou concursos de xogos que impliquen o coñecemento (como cultura xeral) ou destrezas como a habilidade, a agudeza visual, a lóxica, a memoria...

Dinamización e promoción dos recursos da biblioteca

1. Contribución ao desenvolvemento do proxecto lector de centro

- Colaborar cos departamentos no deseño dos seus itinerarios lectores, suxerindo tamén estratexias para traballaren a comprensión e a expresión lectora e escrita.
- Pedir a colaboración directa dos departamentos, en particular os que non son de linguas, e das titorías (se cadra, a través do departamento de orientación) para deseñar actividades conxuntas, nas que se usen os recursos dispoñibles.
- Planificar as actividades a realizar na biblioteca coa colaboración de Actividades Extraescolares e co EDLG, fixando desde o inicio do curso unhas actividades mínimas que se van realizar e que figuren no Plan Anual de Lectura.
- Elaborar conxuntamente listados de lecturas ou materiais de consulta para cada materia, co profesorado dos diferentes departamentos dispostos. Publicar ditos listados na sección correspondente da páxina web do centro.
- Mellorar a implicación dos departamentos nas novas adquisicións e na promoción dos fondos das súas materias, atendendo ás necesidades do profesorado.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

Lamas de Castelo, s/n - Pedrafigueira
15293 – CARNOTA
Tlf. 8818 67200 - Fax: 8818 67205
lamlamas.castelo@edu.xunta.es

[http://www.opacmeiga.rbgalicia.org/Biblioteca.aspx?
CodigoBiblioteca=CED034](http://www.opacmeiga.rbgalicia.org/Biblioteca.aspx?CodigoBiblioteca=CED034)



2. Dinamización e promoción

- Fomentar o uso da biblioteca para préstamo de lecturas e material de consulta para o traballo de materias que non sexan só as linguas ou a bioloxía.
- Propoñer e fomentar o uso da biblioteca para traballo individual e/ ou en equipo para as materias e departamentos do centro, tamén en horario lectivo de aula.
- Implicar os departamentos na adquisición e promoción dos fondos, suxerindo e xestionando a compra de novo material, seleccionando os máis útiles e axeitados ás necesidades de todos.
- Promover as suxestións e peticións do alumnado á hora de adquirirmos novos fondos.
- Concienciar os departamentos da conveniencia da elaboración de listaxes de lecturas recomendadas adaptadas aos temas principais das materias e aos niveis educativos do centro, colaborando con todos os que o desexen.
- Pedir a colaboración directa dos departamentos didácticos (tamén o de orientación) e das titorías para deseñar actividades conxuntas que impliquen o uso da biblioteca.
- Continuar difundindo os servizos e actividades da biblioteca a través de: espazo da biblioteca na páxina web do instituto, carteis, folletos e guías de recomendacións en papel etc. Todo isto en colaboración co alumnado, os axudantes da biblioteca ou con profesorado dos departamentos.
- Continuar publicando trípticos sobre autores e datas concretas, boletíns de novidades e temáticos, guías de lectura; guías para as familias, (lecturas para as vacacións, libros para agasallo...), tamen coa participación do alumnado. Animar aos departamentos na publicación das súas propias recomendacións, especialmente aqueles que inclúen lecturas na súa programación de aula.
- Planificar encontros con autores ou outros profesionais para falar de literatura, da tradición popular oral e escrita, dos oficios...
- Continuar a colaborar coa Biblioteca Municipal, facendo extensible ás outras bibliotecas escolares do Concello ou da comarca na difusión de fondos, e incluír a organización e participación conxunta en actividades.

3. Fomento da lectura

- Revisar o Plan Lector de Centro actualmente vixente, e no seu caso, redactar un novo en colaboración co equipo directivo e departamentos didácticos.
- Planificar as actividades a realizar na biblioteca coa colaboración de Actividades Extraescolares e co EDLG, fixando desde o inicio do curso unhas actividades mínimas a realizar e que figuren no Plan Anual de Lectura.
- Dinamizar as seccións da biblioteca que menor uso rexistren, dalas a coñecer e animar a usar eses materiais, como poden ser os manuais de consulta, os monográficos de temática científica, manuais de historia, de arte..., coa participación dos departamentos didácticos implicados.
- Colaborar cos departamentos no deseño dos seus itinerarios lectores, listaxes de recomendacións etc., suxerindo estratexias para traballaren a comprensión e a expresión lectora e escrita.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

Lamas de Castelo, s/n - Pedrafigueira
15293 – CARNOTA
Tlf. 8818 67200 - Fax: 8818 67205
lamlamas.castelo@edu.xunta.es

[http://www.opacmeiga.rbgalicia.org/Biblioteca.aspx?
CodigoBiblioteca=CED034](http://www.opacmeiga.rbgalicia.org/Biblioteca.aspx?CodigoBiblioteca=CED034)



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

- Centrar as actividades organizadas e realizadas polo equipo de biblioteca naqueles temas ou celebracións directamente relacionadas co libro, coa lectura ou a escrita en si, implicando no posible a todo o centro. Fixar definitivamente algunha das seguintes: Día ou Semana da Ciencia en galego; do Libro; das Letras Galegas... como fixemos co Día da Poesía.
- Convocar, en colaboración con diversos departamentos, concursos que impliquen a lectura, a busca de información e manexo dos fondos da biblioteca.
- Continuar co fomento da lectura a través das Mochilas Viaxeiras e os Apadriñamentos Lectores.

Formación de usuarios e adquisición da competencia informacional (ALFIN)

- Facer sesións de formación básica, en particular a alumnado de 1º da ESO e persoal novo no centro: coñecemento do espazo físico da biblioteca, organización e colocación de fondos, a CDU, normas de funcionamento e de comportamento, sección da biblioteca na páxina web do centro e na da rede Opac-Meiga.
- Facer polo menos unha sesión de formación para todo o profesorado (a inicios de curso ou en calquera outro momento, se houber demanda). No seu defecto, editar e difundir entre o profesorado material de consulta relacionado coa biblioteca e o seu uso.
- Convocar de novo o alumnado para "Axudantes da biblioteca" e participando na convocatoria de Bibliotecas Escolares Solidarias, sobre todo alumnos e alumnas que xa coñezan ben o seu funcionamento en xeral (de 2º a 4º da ESO), pero deixando aberta a posibilidade de admitir alumnado de 1º ESO. Formar os axudantes na colocación de fondos e funcionamento do servizo de préstamo, elaboración de trípticos de recomendacións, asesoramento na selección de lecturas... tutelados por alguén do equipo.
- Deseñar sesións de formación ALFIN para ensinar o correcto acceso á información, contrastando fontes en papel, audiovisuais e da rede (Internet) para seleccionar correctamente e procesar a información recollida, tratándoa en distintos soportes para a elaboración e presentación de traballos.
- Manter a oferta da materia Investigación e Tratamento da Información (ITI) vinculada á biblioteca en 1º de ESO e 2º de ESO.

6. Avaliación

- Criterios e procedementos de avaliación: teremos en conta os datos estatísticos de Meiga e compararemos con anos anteriores (número de usuarios, préstamos realizados, incremento de fondos) e faremos seguimento das actividades realizadas (animación e formación), do cumprimento das normas, do grao de colaboración dos departamentos, das guías publicadas... para analizar o impacto anual do servizo e planificar posibles melloras.
- Indicadores e instrumentos de avaliación: utilizaremos os modelos oficiais de cuestionarios das Bibliotecas Escolares para alumnado e profesorado, e tentaremos sistematizar a súa elaboración e recollida; tamén recolleremos os datos estatísticos de Meiga para contribuír a reflectir o uso real da biblioteca.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

Lamas de Castelo, s/n - Pedrafigueira
15293 – CARNOTA
Tlf. 8818 67200 - Fax: 8818 67205
lamlamas.castelo@edu.xunta.es

[http://www.opacmeiga.rbgalicia.org/Biblioteca.aspx?
CodigoBiblioteca=CED034](http://www.opacmeiga.rbgalicia.org/Biblioteca.aspx?CodigoBiblioteca=CED034)



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

7. Persoa designada como responsable. Equipo de apoio. Horario previsto.

- O equipo seguirá formado por M^a Luz Barreiro Otero, e Renée Huerta Latrille (actual responsable), membros estables desde a súa creación e encargadas da atención ao público durante os horarios de apertura.
- Dadas as necesidades actuais da Biblioteca, solicitamos ben a inclusión dun novo membro, ben un aumento do número de horas do equipo actual, pois tal e como di na convocatoria, **cómpre “crear un equipo de biblioteca ou grupo de apoio, de carácter interdisciplinario, formado por profesorado dos diferentes ciclos ou departamentos presentes no centro, con dispoñibilidade e dedicación específica”** e se recomenda nas instrucións anuais en relación coa organización e funcionamento das Bibliotecas Escolares, que dende o equipo directivo **se garanta “o correcto funcionamento deste servizo educativo”,** pois **“a Inspección Educativa velará polo cumprimento das [...] instrucións, moi especialmente nos centros integrados no Plan de mellora de bibliotecas escolares”**.

Carnota, 07 xuño de 2019

A coordinadora da biblioteca

A directora do IES Lamas de Castelo

Asdo.: Renée Huerta Latrille

Asdo.: María Isabel Trillo González